

RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN PRIVADA

Vista a solicitude de inicio do procedemento de selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de promoción privada de REXIME CONCERTADO núm. P09-VC-0039/10 presentada pola entidade promotora CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO.

Revisada a documentación achegada pola entidade e acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas (en adiante, Decreto 1/2010).

Visto o estipulado nos artigos 32 e seguintes do Decreto 1/2010.

RESOLVO:

1º Declarar a apertura do procedemento de selección de adxudicatarios no expediente de vivenda protexida de promoción privada de REXIME CONCERTADO núm P09-VC-0039/10

As características da promoción son as seguintes:

Localización:

RUA ABELEIRA MENÉNDEZ, 24-26 - VIGO

Forma de acceso: Compra

Estado de execución: Rematada

Número e tipoloxía das vivendas:

5 vivendas de 66,62 m² - 58,92 m² - 42,61 m² - 58,92 m² - 68,80 m²

Prezo de venda:

PLANTA PRIMEIRA A: 118.165,23 €

PLANTA PRIMEIRA B: 104.507,58 €

PLANTA SEGUNDA B: 75.578,21 €

PLANTA SEGUNDA C: 104,507,28 €

PLANTA TERCEIRA A: 122.031,94 €

Forma de pago:

20% do prezo de venda mais IVE á sinatura do contrato. 80% restante no momento do outorgamento da escritura pública e entrega de chaves

2º Outorgar ás persoas interesadas que, á data desta resolución de inicio, estean inscritos ou teñan solicitude de inscrición no rexistro de demandantes de vivenda protexida no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do Decreto 1/2010.

Pontevedra, 30 de maio de 2011.

O Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Asdo.: José Luis Díez Yáñez

ANEXO

MODELO DE SOLICITUDE

D./Dna. _____ con D.N.I. num _____,
e con tfno. de contacto _____, Inscrito/a ou que teña solicitude de inscrición
no rexistro de demandantes de vivenda protexida, á vista da apertura do procedemento
de selección de adxudicatarios das vivendas incluídas nos expedientes de vivenda
protexida de promoción privada de REXIME CONCERTADO promovidos polo Consorcio
Casco Vello de Vigo, na modalidade de Compra

SOLICITA:

A inclusión no procedemento de adxudicación das vivendas protexidas das promocións,
que de seguido se especifican:

P09-VC-0024/10 Rúa Abeleira Menéndez, 18-20

P09-VC-0026/10 Rúa Cruz Verde, 5

P09-VC-0039/10 Rúa Abeleira Menéndez, 24-26

_____, ____ de _____ de 201__